

***Resolución do 15 de maio de 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se fai pública a listaxe definitiva de centros beneficiarios para participar no programa “EduExchanges” de intercambio de alumnado con centros educativos doutros países da Unión Europea durante o curso 2018/2019.***

De conformidade co apartado décimo da Resolución do 14 de febreiro de 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se regula a convocatoria e selección de centros públicos de ensino non universitario da Comunidade Autónoma de Galicia para participar no programa “EduExchanges” de intercambio de alumnado con centros educativos doutros países da Unión Europea durante o curso 2018/2019, esta Dirección Xeral

## RESOLVE

***Primeiro-***. Publicar no portal educativo <http://www.edu.xunta.gal> a listaxe definitiva -que figura no Anexo I desta Resolución- de centros admitidos e excluídos participantes no programa *EduExchanges* de intercambio de alumnado para o curso 2018/2019.

***Segundo-***. Contra esa resolución, que non esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpor recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia, segundo o disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2019



Martín Corredoira López

Director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa